

UN NOVO ESTUDO SOSTÉN QUE GALICIA FOI UNHA TERRA TOLERANTE PARA XUDEUS E CONVERSOS



Presentación do libro na Galería Sargadelos de Lugo (13-10-08)
De esq. a dereita: Xosé Alonso, Roberto G. Rouco e Henrique Alvarellos

- **Alvarellos Editora publica o libro *Xudeus e conversos galegos. Notas para unha historia pendente*, do sociólogo lugués Roberto González Rouco.**
- **Trátase dunha aproximación didáctica á historia do pobo xudeu e a súa presenza e integración no noso país.**

Xudeus e conversos atoparon en Galicia un territorio tolerante onde puideron convivir sen confrontacións. Esta é a principal tese deste libro, unha aproximación didáctica á historia do pobo xudeu e a súa presenza no noso país, que estes días sae á venda en toda Galicia.

O autor, o sociólogo lugués Roberto González Rouco, afirma que é constante a arribada de xudeus a Galicia dende as



alvarelos

EDITORA

matanzas de 1391 e 1414, datas nas que principiou un antixudaísmo feroz en Andalucía, Estremadura ou Castela, o que obrigou aos xudeus e máis tarde aos conversos, a ser refuxiar en Galicia e Portugal.

"Xudeus e conversos estaban introducidos na sociedade galega e compartían negocios, xogaban nenos cristiáns con nenos xudeus, eran membros dos concellos e tiñan oficios non permitidos aos xudeus no resto de España. Cando había conflitos entre cristiáns e xudeus, as autoridades impartían xustiza sen mirar a que crenza relixiosa pertencían", sinala González Rouco.

O autor fai así mesmo un breve percorrido pola historia deste pobo, dende a súa entrada na Península na época do Rei David, o tempo dos romanos, suevos e visigodos, a época árabe, a inquisición... ata a loucura nazi e os tempos modernos.

Esta obra *Xudeus e conversos galegos. Notas para unha historia pendente* recolle tamén outros aspectos históricos de relevancia como a participación dos xudeus nas revoltas irmandiñas a favor do pobo contra a nobreza, ou a súa intervención na redacción das *Cantigas* de Afonso X.

O AUTOR

Roberto González Rouco naceu en lugo en 1957. É licenciado en Socioloxía e Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid. Autor do libro *Galicia na encrucillada* (1994), esta é a súa segunda obra.

FICHA TÉCNICA

Título: Xudeus e conversos galegos

Subtítulo: Notas para unha historia pendente

Autor: Roberto González Rouco

Idioma: Galego

Data 1ª edición: Outubro de 2008

PVP: 17 euros

ISBN: 978-84-89323-23-0

Páxinas: 146

Medidas: 13x23 cms

Encadernación: tapa branda plastificada, con lapelas

Colección: Oeste [divulgación&ensaio]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarelos.info
Tel: 609 90 88 52